

COPIA CERTIFICADA

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 23 DE FEBREIRO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil doce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste, que xustifica a súa ausencia, o Concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en data 29/12/2011, por unanimidade con dez votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en data 29/12/2011.

2.- DITAME APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2012

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión informativa permanente especial de contas, de data 20/02/2012, relacionado con este punto da orde do día e que a continuación se reproduce literalmente:

<<Sen mais intervencións sometida a proposta de dictame polo Presidente da Comisión á votación a Comisión informativa permanente especial de contas por maioría absoluta tres votos a favor , cós votos a favor dos dous concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , voto a favor do concelleiro do grupo mixto e coa abstención dos dous concelleiros do grupo municipal do Partido Popular , dictaminou favorablemente para o Pleno municipal do 23/02/2012 o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2012 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de (**2.135.375,10€**) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles) , asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

| Estado de gastos | | |
|------------------|-------------------------------------|---------------|
| Cap. 1 | Gastos de persoal | 947.492,29 |
| Cap. 2 | Gastos de bens correntes e servizos | 641.329,66 |
| Cap. 3 | Gastos financeiros | 3.000,00 |
| Cap. 4 | Transferencias correntes | 11.125,00 |
| Cap. 6 | Inversións reais | 532.428,15 |
| Cap. 7 | Transferencias de capital | --- |
| Cap. 8 | Activos financeiros | --- |
| Cap. 9 | Pasivos financeiros | --- |
| TOTAL GASTOS | | 2.135.375,10€ |

| Estado de ingresos | | |
|--------------------|---------------------------------|---------------|
| Cap. 1 | Impostos directos | 252.985,00 |
| Cap. 2 | Impostos indirectos | 50.000,00 |
| Cap. 3 | Taxas e outros ingresos | 432.365,00 |
| Cap. 4 | Transferencias correntes | 859.026,62 |
| Cap. 5 | Ingresos patrimoniais | 500,00 |
| Cap. 6 | Enaxenación de inversións reais | --- |
| Cap. 7 | Transferencias de capital | 540.498,48 |
| Cap. 8 | Activos financeiros | --- |
| Cap. 9 | Pasivos financeiros | --- |
| TOTAL INGRESOS | | 2.135.375,10€ |

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2012, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

- 1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.
- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-

- 3.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas1 / 2 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 2.- Mestras.- xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- 1 Xornada completa 1 Xornada parcial
- 1.- Cociñeiro .- Xornada completa
- 2.- Pinches.- Xornada completa
- 12 .- Auxiliares miniresidencia .- Xornada completa

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2012 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>

Pola Alcaldía explicase dito orzamento indicando as principais variacións en relación con cambios respecto o do exercicio anterior. Así sinalase que o capítulo 1 de gastos de persoal vai por encima do doutros anos pero polos postos de traballo da residencia así como pola creación de postos de limpeza e transporte que supuxeron un aforro importante respecto á prestación destes servizos por empresas externas . Indica que o incremento débese tamén á previsión de prazas polo valor das mesmas antes da necesaria redución de salarios no 2010 xa que esperase que mellorando a situación económica o persoal de Boimorto poda manter o seu poder adquisitivo e cobrar polo que valen os seus postos. Sinala que este persoal supón creación de emprego así como posta en marcha do feito noutros exercicios. Di que defende a creación de postos de traballo para o sistema de xestión directa dos servizos mantendo os ofertados.

Sobre o capítulo 2 destaca a partida de cultura , destaca o orzamento inferior a anos anteriores sacando a orzamentación dos gastos da miniresidencia e centro de día e sacando o gastos de inversión no POS que por pretenderse executar directamente. En relación co capítulo 3 de gastos destaca a baixada por non ter previsto nin vixentes operacións de crédito a longo prazo e indica sobre o capítulo 4 que baixan as subvencións pola pretensión de dinamización polo propio Concello.

En inversión procede á Alcaldía á explicación e lectura de cada obra de inversións indica que faltan as obras de cultura, deportes promoción económica e outras que viran con outras subvencións ou remanente.

Sobre ingresos e en relación co capítulo 1 di que a subida impositiva adiantouse as previsións do Partido Popular que coa normativa dictada en decembro para o IBI xa esixe tipos como os regulados neste Concello , di que a subida impositiva absorbe a baixada de subvencións sobre o capítulo 2 do ICIO di que a previsión e realista e preguntado polo concelleiro do grupo mixto en relación coa execución do polígono sinala o Alcalde que estanse a realizar xestións importantes con industria.

O capítulo 3 recolle ingresos principalmente por taxas e precios públicos e di o Alcalde que a subida en relación co exercicio anterior ven principalmente representada pola previsión de ingresos da Miniresidencia e Centro de día .

En relación cós capítulos 4 e 7 indica a baixada de subvencións que se reflexa no orzamento , sobre o capítulo 5 di que non hai moitos ingresos por fondos en contas bancarias xa que o equipo de goberno move o diñeiro e en relación co capítulo 6 sinala que a súa xestión aumenta o patrimonio non o vende . En relación cós capítulos 8 e 9 di que non se preve débeda pública .

Aberto o tuno de intervencións a Alcaldía da a palabra a D. Antonio Costoya Duro concelleiro do grupo municipal do PP que di que solicita aclaración dos gastos en investimento e na residencia , que lle parece excesivo un 44% en gastos de persoal e dicir mais dun terzo e en relación co capítulo 2 que e excesivo o gasto en bens correntes e servizos dun 30% fronte o 22% do ano anterior , sinala que e demasiado persoal para un Concello tan pequeno con poucos ingresos nunha situación difícil e complexa , di que os investimentos son insuficientes fronte outras partidas o orzamento e que por eso votará en contra para non ser cómplice dunha mala xestión.

Resposta o Alcalde que para falar de mala xestión hai que ver en que , di que o 44% vai en gastos de persoal pero que xa explicou as razóns dese importe que xa sabe que o PP non faría unha xestión directa dos servizos senon que preferiría darllo a empresas amigas , mais di que o equipo de goberno rentabiliza a xestión directa e para esta necesita persoal, que se incrementa coa orzamentación de gastos da residencia sendos estes gastos salariais que terán cobertura cós ingresos da residencia . Sobre o capítulo 2 insiste que so aumenta pola execución directa de obras do POS pola Administración e polos gastos da residencia senon non sería

superior o do ano anterior e ademais gastos que no capítulo 2 de limpeza ou de transporte eran superiores pasan a ser inferiores no capítulo 1 de gastos de persoal o que denota unha boa xestión e aforro e remata sinalando que se fala de mala xestión que traía ó pleno municipal unha proposta que reflexe que o que propón é máis barato.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, e 1 do concelleiro do grupo mixto así como con 4 votos en contra dos catro concelleiros presentes do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2012 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de **(2.135.375,10 €)** así coma toda a documentación e anexos a él incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

| Estado de gastos | | |
|---------------------|-------------------------------------|----------------------|
| Cap. 1 | Gastos de persoal | 947.492,29 |
| Cap. 2 | Gastos de bens correntes e servizos | 641.329,66 |
| Cap. 3 | Gastos financeiros | 3.000,00 |
| Cap. 4 | Transferencias correntes | 11.125,00 |
| Cap. 6 | Inversións reais | 532.428,15 |
| Cap. 7 | Transferencias de capital | --- |
| Cap. 8 | Activos financeiros | --- |
| Cap. 9 | Pasivos financeiros | --- |
| TOTAL GASTOS | | 2.135.375,10€ |

| Estado de ingresos | | |
|-----------------------|---------------------------------|----------------------|
| Cap. 1 | Impostos directos | 252.985,00 |
| Cap. 2 | Impostos indirectos | 50.000,00 |
| Cap. 3 | Taxas e outros ingresos | 432.365,00 |
| Cap. 4 | Transferencias correntes | 859.026,62 |
| Cap. 5 | Ingresos patrimoniais | 500,00 |
| Cap. 6 | Enaxenación de inversións reais | --- |
| Cap. 7 | Transferencias de capital | 540.498,48 |
| Cap. 8 | Activos financeiros | --- |
| Cap. 9 | Pasivos financeiros | --- |
| TOTAL INGRESOS | | 2.135.375,10€ |

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2012, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.
Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

- 1.-0.-Traballador/a social.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.
- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-

- 3.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas1 / 2 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 2.- Mestras.- xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- 1 Xornada completa 1 Xornada parcial
- 1.- Cociñeiro .- Xornada completa
- 2.- Pinches.- Xornada completa
- 12 .- Auxiliares miniresidencia .- Xornada completa

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio

de 2012 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia

3.- DITAME APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL DO IVTM

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión informativa permanente especial de contas, de data 20/02/2012, relacionado con este punto da orde do día e que a continuación se reproduce literalmente:

<<Sen mais intervencións sometida a proposta de dictame polo Presidente da Comisión á votación a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade con 5 votos a favor dous dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, un voto a favor do concelleiro do grupo mixto e dous votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, dictaminou favorablemente para o Pleno municipal do 23/2/2012 o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 2 do artigo 7 sobre exencións da ordenanza fiscal do imposto de vehículos de tracción mecánica eliminando “ Esta solicitude deberá renovarse cada ano presentando os documentos necesarios”, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004,

SEGUNDO: Expoñe-lo expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo, para que poidan presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO: No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004.>>

Explica a Alcaldía que solicitouse esta modificación dende os servizos de xestión tributaria da Excmá Diputación Provincial para unha axilidade na xestión.

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 2 do artigo 7 sobre exencións da ordenanza fiscal do imposto de vehículos de tracción mecánica eliminando “Esta solicitude deberá renovarse cada ano presentando os documentos necesarios”, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004,

SEGUNDO: Expoñe-lo expediente a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., por un prazo de 30 días hábiles , como mínimo, para que poidan presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO: No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RECTIFICACIÓN ERRO APROBACIÓN POS 2012

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 23/02/2012 SOBRE RECTIFICACIÓN ERRO APROBACIÓN POS 2012

Visto que o Pleno municipal en sesión celebrada o día 15/11/2011 foi aprobada a proposición en relación co POS 2012, sinalando no apartado A) a realización de obras e o financiamento do Estado + Deputación e Concello.

Visto que foi cometido erro na aportación Estado + Deputación, así como na aportación do Concello en cada unha das obras, segundo comunicación da Deputación Provincial no seu escrito de data 09/02/2012, rexistro de saída número 3139.

En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo plenario adoptado en data 15/11/2011 no apartado A) do punto 1 quedando redactado do seguinte xeito:

A) Realización de obras:

| <u>Denominación da obra</u> | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|--|--------------------------------|-----------------|-----------------------------|
| “Mejora del drenaje en los núcleos de Aquelavila, Souto, Cabana (Buazo), Peizás y Leira Longa (Arceo)” | 38.594,53 | 2.089,65 | 40.684,18 |
| "Mejora del drenaje en los núcleos de Vilanova (Sendelle), Sixto (Brates), Piñeiro (Cardeiro), Viladóniga (Boimorto), Codesido (Boimil) y Liñeiro (Os Ánxeles)", | 39.994,93 | 2.165,47 | 42.160,40 |
| SUBTOTAL OBRAS | 78.589,46 | 4.255,12 | 82.844,58 |

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

Boimorto, 16 de febreiro de 2012
O Alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Explica a Alcaldía que solicitouse rectificación pola Deputación por erros no acordo anterior en contías .

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo plenario adoptado en data 15/11/2011 no apartado A) do punto 1 quedando redactado do seguinte xeito:

A) Realización de obras:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|--|----------------------------|-----------------|-------------------------|
| “Mejora del drenaje en los núcleos de Aquelavila, Souto, Cabana (Buazo), Peizás y Leira Longa (Arceo)” | 38.594,53 | 2.089,65 | 40.684,18 |
| "Mejora del drenaje en los núcleos de Vilanova (Sendelle), Sixto (Brates), Piñeiro (Cardeiro), Viladóniga (Boimorto), Codesido (Boimil) y Liñeiro (Os Ánxeles)", | 39.994,93 | 2.165,47 | 42.160,40 |
| SUBTOTAL OBRAS | 78.589,46 | 4.255,12 | 82.844,58 |

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Excm. Deputación Provincial de A Coruña

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA, DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E ENCOMENDA DA XESTIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS.

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 23/02/2012 PARA CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO.

Visto o Convenio marco de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da providencia e o Acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos, que se reproducen como anexos:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA O USO COMPARTIDO DA SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA E PARA A XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS SEDES ELECTRÓNICAS MUNICIPAIS

Boimorto, de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, D/D.^a José Ignacio Portos Vázquez, alcalde/alcaldesa do Concello de Boimorto, que actúa en nome e representación do concello, en virtude das competencias atribuídas igualmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes, recoñécense a capacidade legal e competencia necesarias para formalizar o presente convenio,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, creou o concepto de «sede electrónica», xustificado pola «necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade». O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica como «aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias». O apartado 3 do mesmo artigo establece que «cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas».

Segundo.- Que por acordo plenario, do 29 de abril de 2011, publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 162 - xoves, 25 de agosto de 2011, creou a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cuxo ámbito de aplicación é a totalidade da administración da Deputación provincial, no artigo 14 apartado 4. desta sinálase que estenderá o seu ámbito aos organismos públicos e outras entidades locais que se determinen nos convenios de colaboración que, no seu caso, subscriba a Deputación Provincial da Coruña cos titulares dos organismos públicos e entidades locais.

Terceiro.- Que ambas as dúas partes consideran que interesa no presente caso relacionarse coa cidadanía a través dunha sede electrónica compartida, tanto por razóns de economía como de eficacia, por canto a entidade local ou o organismo público beneficiaríanse da experiencia e infraestrutura da Deputación Provincial da Coruña para este tipo de instrumentos.

Ambas as dúas partes están interesadas en procurar a mellor e máis económica prestación de servizos electrónicos aos cidadáns, dando con iso plena satisfacción aos principios e dereitos contidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, formalízase o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.- Constitúe o obxecto do presente convenio formalizar a utilización compartida por ambas as dúas partes da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co obxectivo de dar vía a través dela á xestión e servizos que competen ao concello de Boimorto, no ámbito da administración electrónica.

SEGUNDA. Ámbito de aplicación.- O alcance da xestión e servizos da competencia do concello de Boimorto, a prestar a través da sede electrónica compartida pola Deputación Provincial da Coruña, referirase en exclusiva aos de relación coa cidadanía, conforme a definición dada no anexo da Lei 11/2007, do 22 de xuño, apartado h), sempre que se trate de xestión ou servizos de obrigatoria prestación a través dunha sede electrónica. A inclusión de calquera tipo de xestión ou servizo distinto dos anteriores deberá suxeitarse á regra sobre inclusión de contidos adicionais establecida no presente convenio.

TERCEIRA. Características da integración.- A xestión e servizos do concello prestaranse na sede electrónica do concello sede.concellodeboimorto.es que se integrará na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) constituíndo a sede electrónica municipal unha subsede desta.

CUARTA. Obrigas das partes para aplicar o convenio.

1. Para aplicar o presente convenio, o concello de Boimorto, comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos municipais específicos da sede electrónica do concello con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos dos cidadáns contidos no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Respectar na súa integridade os criterios e políticas aprobados para a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na súa norma de creación (Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña) que constituirá a normativa de referencia.

Asumir a responsabilidade como titular da xestión e dos servizos da súa competencia postos ao dispor da cidadanía.

Designar un representante permanente único, e un substituto deste, para a relación permanente cos responsables da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, para os efectos do seu mantemento e resolución de problemas, con facultades suficientes para a toma de decisións nesta materia.

2. Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos comúns das sedes municipais na da sede electrónica provincial con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos da cidadanía contida no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño

Manter de forma permanentemente dispoñible para os cidadáns o acceso á xestión e servizos correspondentes ao concello de Boimorto, incluídos na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña

Asumir a responsabilidade que lle compete por razón da titularidade e a xestión tecnolóxica da sede provincial.

Achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria para a execución do convenio.

Comunicar urxentemente ao concello, a través do seu representante, cantas incidencias puidesen xurdir e, de forma moi especial, as que puidesen comportar a interrupción dos servizos.

Proporcionar aos responsables designados polo concello a formación e o asesoramento precisos para o mantemento permanente dos seus contidos específicos.

Actualizar tecnoloxicamente os sistemas, de acordo co estado da técnica.

Aplicar criterios estritos de seguridade, conformes ao que establece o Esquema Nacional de Seguridade, con aplicación da normativa sobre protección de datos de carácter persoal contida en Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e na súa normativa de desenvolvemento.

Designar un interlocutor único para os efectos da relación operativa co concello asinante.

QUINTA. Inclusión de contidos fóra do ámbito do convenio.- A utilización da sede electrónica compartida para incluír contidos, xestións ou servizos, que non sexan os estritamente pertencentes ao ámbito deste convenio conforme ao acordado na cláusula segunda, requirirá o previo informe favorable da Deputación Provincial da Coruña, que terá en conta a adecuación dos contidos adicionais, os medios dispoñibles e os criterios adoptados en supostos similares en relación coa mesma sede.

SEXTA. Custo.- O uso das infraestruturas que a Deputación provincial pon ao dispor do concello para a prestación dos servizos recollidos no presente convenio non suporá custo ningún para o concello e, en particular, o uso dos certificados e sinaturas electrónicas que sexan precisos sempre que a súa obtención se realice en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA. Prazo de duración.- O presente convenio terá unha duración de 4 anos, renovándose automaticamente por igual período se non se produce denuncia deste por calquera das partes.

OITAVA. Revisión e comisión de seguimento.- Por pedimento de calquera das partes, poderá crearse unha comisión paritaria para o exame, seguimento, coordinación e, no seu caso, proposta de modificación do convenio.

NOVENA. Resolución de incidencias.- As partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMA. Publicación.- O presente convenio, en aplicación do principio de publicidade oficial establecido no artigo 10.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, será obxecto de publicación no «Boletín Oficial da Provincia» mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo da súa divulgación a través da propia sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña. E en proba de conformidade, ambas as partes subscriben o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do
Concello de Boimorto

O Presidente da Deputación Provincial
da Coruña

Asdo. José Ignacio Portos Vázquez

Asdo. D. Diego Calvo Pouso

ACORDO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA

Boimorto, ... de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, o lltmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa na súa representación

E doutra parte, o/a Sr./ Sra. D./Dª José Ignacio Portos Vázquez, alcalde/alcaldesa do Concello de Boimorto, que actúa en nome e representación deste.

As partes recoñécense mutuamente plena competencia e capacidade para subscribir a presente encomenda de xestión e

MANIFESTAN

1.- O 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante a FEGAMP) un convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais (en diante EE.LL.) da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio favorece un novo modelo de relación entre as administracións públicas galegas e define un catálogo de servizos que permitirán impulsar a administración electrónica na EE.LL. de Galicia que se adhiran ao convenio.

2.- O 29 de setembro de 2010, a Xunta de Galicia asinou un contrato coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (en diante FNMT-RCM) cuxo obxecto é a prestación dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos electrónicos no ámbito da Xunta de Galicia e de, entre outros organismos, os concellos e as Deputacións provinciais.

3.- O 14 de decembro de 2010 tras a reunión da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica (en diante o convenio) acórdase incluír no seu catálogo de servizos, aqueles que abarca o contrato coa FNMT-RCM. Os concellos e Deputacións provinciais adheridas ao convenio poderán consumir os servizos incluídos no contrato coa FNMT-RCM.

4.- O 26 de abril de 2011 o presidente da Deputación Provincial da Coruña aprobou a súa adhesión ao convenio, que foi asinada posteriormente con data do de 2 de maio de 2011.

5.- Do mesmo xeito, o Concello de Boimorto, aprobou a través do Pleno da Corporación a súa adhesión ao convenio, asinada posteriormente con data Ambas as institucións están no ámbito de aplicación do convenio e poderán acceder aos servizos do contrato coa FNMT-RCM.

6.- Na Declaración de Prácticas de Certificación da FNMT-RCM cítase expresamente que os certificados do ámbito da Lei 11/2007 os emiten a FNMT-RCM por conta da Administración pública correspondente á que a FNMT-RCM presta os servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios como prestador de servizos de certificación, polo que os usuarios destinatarios son o persoal da Administración Pública do Reino de España, ben sexa dun órgano, organismo, entidade da administración xeral, autonómica ou local do Estado.

Aínda que a administración titular do certificado e/ou o responsable da Oficina de Rexistro teñen a obriga de “non realizar rexistros ou tramitar solicitudes de persoal que preste os seus servizos nunha entidade diferente á que representa como Oficina de Rexistro”, a mesma Declaración recolle a posibilidade de crear “Oficinas de Rexistro centralizadas ou de convenios entre administracións para efectuar rexistros”.

7.- En ocasións existe unha limitación de determinados concellos e outras entidades locais para constituír e manter ao día a infraestrutura de rexistro e solicitude do certificados tipo AP para o persoal ao seu servizo, así como os de sede e selo electrónico, pero a normativa vixente en materia de réxime local atribúelles ás Deputacións provinciais un labor de coordinación moi favorable para a extensión do uso dos certificados deste tipo, polo que é factible que as Deputacións provinciais poidan constituírse como un Rexistro delegado de certificados AP: persoal, selo e sede electrónica para as administracións locais do seu territorio, o que se instrumentaría mediante unha encomenda.

8.- A devandita Lei 11/2007 non impide, nin limita, a actividade de rexistro por parte dos prestadores de servizos de certificación (sobre todo no caso da FNMT-RCM, na súa condición de organismo público), senón que fomenta a interoperabilidade entre as diferentes AA.PP. Así, o artigo 13.3, cita que as AA.PP poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan: ... “d) Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación, conforme ao especificamente acordado entre as partes.” A regulación deste sistema detállase no artigo 20:

“Artigo 20. Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación.

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas cerradas de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos e entidades de dereito público, serán considerados válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas no presente artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se han intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías citadas no apartado anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso deberá garantirse a seguridade da contorna cerrada de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan.”

Pola súa banda, no capítulo I, do título IV, desta norma determínase o marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica, baseado no Comité Sectorial de Administración Electrónica, nos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade e nas redes de comunicacións das administracións públicas españolas.

Neste último caso, o artigo 43 desta mesma lei expresa:

“A Administración xeral do Estado, as Administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales

efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das Administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros Estados membros.”

Esta regulación supón o recoñecemento legal da comunicación entre distintas administracións por medio de redes telemáticas, así como a súa validez para todos os efectos, sempre que se garanta a seguridade e integridade da contorna cerrada de comunicación e a protección dos datos remitidos.

9.- Considerando moi favorable, para a extensión do uso dos certificados deste tipo entre as administracións locais da provincia da Coruña, que a Deputación Provincial da Coruña exerza as súas competencias de asistenta técnica a estas, permitindo, a xestión da tramitación por conta dos citados concellos de certificados electrónicos dos citados na Lei 11/2007 e recollidos no presente acordo.

As partes intervenientes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente acordo, de conformidade co artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRPAC, formalizándoo sobre a base das seguintes

CONDICIÓN S

Primeira. O obxecto do presente acordo é que o Concello de Boimorto lle atribúa á Deputación Provincial da Coruña, a encomenda da tramitación, por conta e en nome do Concello de Boimorto, de solicitudes de emisión, suspensión e revogación de certificados electrónicos. As peticións serán dirixidas á FNMT-RCM na súa condición de prestador de servizos de certificación. Os certificados serán os da Lei 11/2007: de persoal ao servizo da administración, de sede electrónica e de actuación administrativa automatizada (selo electrónico), que se expidan a nome do Concello de Boimorto.

Segunda.- En ningún caso, a Deputación da Coruña se considerará a administración titular do certificado, respectando a súa titularidade a nome do Concello de Boimorto, e os datos consignados na petición.

Terceira: A petición de certificados, do ámbito da Lei 11/2007 antes citados, por parte do Concello de Boimorto á Deputación da Coruña, realizarase a través da sede electrónica da Deputación (sede.dicoruna.es), sempre que cumpran os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade, sen que sexa necesaria a comparecencia física do persoal do Concello de Boimorto ante a oficina de rexistro da Deputación. A constatación da personalidade e demais datos esixidos, presumirase polo feito da petición realizada polo persoal competente do Concello de Boimorto a través das redes citadas, polo que poderán realizar tamén as peticións en papel mediante o envío á Deputación dos documentos públicos administrativos correspondentes por parte do Concello de Boimorto.

Na petición do Concello de Boimorto constatarase a vontade de que sexa emitido, suspendido ou revogado o certificado de que se trate e identificarase nominalmente de forma conxunta á persoa titular do posto de traballo ou cargo que exerce, ao Concello de Boimorto e ao órgano ou unidade na que preste servizo, tal e como consten na petición que realice o propio Concello de Boimorto, todo iso nos formatos establecidos pola FNMT-RCM.

Cuarta: A petición de expedición deste tipo de certificados dirixirase por parte do Concello de Boimorto ao responsable das operacións de rexistro (ROR) da Deputación Provincial da Coruña a través do trámite electrónico disposto para o efecto na sede electrónica da Deputación ou mediante o envío da documentación en papel. Unha vez validada, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a petición de certificados realizada polo Concello de Boimorto, a Deputación, a través da súa 'ROR', solicitará á FNMT-RCM a emisión dos certificados correspondentes mediante a aplicación de rexistro proporcionada pola FNMT-RCM. Co mesmo procedemento poderá solicitar a suspensión ou revogación dos certificados. A Deputación só poderá solicitar a suspensión ou revogación deste tipo de certificados no caso de que o suposto estea recollido na Lei 59/2003, de sinatura electrónica, normas de desenvolvemento ou na DPC da FNMT-RCM.

Os sistemas, técnicas e aplicacións que se van utilizar no intercambio de información, especificaranse nos procedementos de rexistro proporcionados pola FNMT-RCM á Deputación, que trasladará aos empregados do Concello de Boimorto para realizar as peticións de certificados.

Para iniciar o procedemento e tramitar de forma segura as peticións de certificados, unha copia auténtica desta encomenda será remitida, pola Deputación á Xunta de Galicia como asinante do contrato coa FNMT-RCM, xunto cos datos identificativos dos responsables de ambas as dúas administracións (os do Concello de Boimorto, que realizarán as peticións de rexistro á Deputación, e os desta no caso de que aínda non lle conste á FNMT-RCM). A Xunta de Galicia remitirá a copia da encomenda xunto cos datos identificativos dos representantes á FNMT-RCM para que lle conste tal acordo e co fin de dar de alta no Sistema de Rexistro do Departamento CERES desta entidade e xestionar os permisos correspondentes. Non é posible iniciar a alta no sistema de rexistro se non se ten constancia da entrega da citada copia auténtica desta encomenda xunto cos datos antes referidos.

Quinta: A petición de emisión, suspensión ou revogación destes certificados á Deputación realizaraa o persoal delegado competente do Concello de Boimorto, utilizando para iso o seu certificado persoal clase 2, o de empregado público ou o DNLelectrónico.

Sexta: A Deputación da Coruña asesorará en todo momento o persoal do Concello de Boimorto durante o proceso de petición e solicitude do certificado, así como no seu uso e custodias seguras, proporcionándolle a formación adecuada para iso. Pola súa vez, a FNMT-RCM resolverá as incidencias e consultas correspondentes á Xunta de Galicia e á Deputación polas canles existentes.

Sétima: O Concello de Boimorto e a Deputación serán os únicos responsables das peticións e solicitudes de emisión, suspensión ou revogación dos certificados electrónicos ás deputacións, respondendo da veracidade dos datos consignados e da vontade do Concello de Boimorto de que sexa emitido, suspendido ou revogado un certificado AP (Lei 11/2007).

Oitava: Financiamento. O presente acordo non comporta obrigacións económicas para as partes, por afectar a cuestións organizativas das administracións intervenientes.

Novena: O presente acordo terá unha duración de 4 anos renovándose automaticamente por igual período se non se produce a súa denuncia por calquera das partes, sen prexuízo da facultade das partes para subscribir un novo. No entanto, o presente acordo quedará extinguido cando se extinga a adhesión do Concello de Boimorto ao convenio coa Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asínase o presente acordo en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do
Concello de Boimorto

O Presidente da Deputación Provincial
da Coruña

Asdo. José Ignacio Portos Vázquez

Asdo. D. Diego Calvo Pouso>>

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A creación da sede electrónica do concello de Boimorto, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: sede.concellodeboimorto.es configurándose como unha subrede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

SEGUNDO.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica e cuxo texto se recolle máis adiante.

TERCEIRO.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do

convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxo texto se recolle máis adiante.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Boimorto, 20 de febreiro de 2012
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Explica a Alcaldía o que se pretende coa creación da nova sede electrónica e do apoio deste equipo de goberno ás novas tecnoloxías .

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- A creación da sede electrónica do concello de Boimorto, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: sede.concellodeboimorto.es configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

SEGUNDO.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica e cuxo texto se recolle máis adiante.

TERCEIRO.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxo texto se recolle máis adiante.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN CONVENIO PARA CREACIÓN E MANTEMENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 23/02/2012 SOBRE CREACIÓN E MANTEMENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Vista a proposta de convenio de cooperación para creación e mantemento en común do servizo de normalización lingüística dos concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía, que se reproduce como anexo

PROPOSTA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA CREACIÓN E MANTEMENTO EN COMUN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO DOS MONXES E MESÍA.

En Boimorto a de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jacobo Fernández García, en nome e representación do Concello de Sobrado dos Monxes.

Doutra parte, D. Mariano Iglesias Castro en nome e representación do Concello de Mesía.

Doutra parte, D. José Ignacio Vázquez Portos, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos polo tanto tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese polo tanto que os Concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía poden subscribir un convenio para a creación e mantemento conxunto dun servizo de normalización lingüística sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vistas as bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, anualidade de 2012, publicadas no BOP número 7 de data 11/01/2012 e a orde do 16 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede a súa convocatoria, publicada no DOG núm. 3 de data 4 de xaneiro de 2012 faise necesario a creación dun servizo lingüístico para o agrupamento de concellos de Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía.

Segundo.- A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado dos Monxes e Mesía para a creación e mantemento en común dun servizo de normalización lingüística conxunto.

Terceiro.- O Concello de Boimorto ten un servizo de normalización lingüística creado cun técnico contratado e que forma parte da Rede de Dinamización Lingüística que pretende por en común para prestación conxunta deste servizo. Os Concellos de Sobrado dos Monxes e Mesía carecen do Servizo de Normalización Lingüística. Esta carencia está motivada pola falta dun técnico de normalización lingüística en cada un destes Concellos. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

En base ao exposto, e coa finalidade de crear e manter en común o servizo de normalización lingüística para Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía, acórdase a subscripción do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Boimorto permitirá que o persoal contratado no seu servizo de normalización lingüística pase a formar parte da agrupación con Sobrados do Monxes e Mesía no marco da colaboración pactada e preste os seus servizos en conxunto para os tres concellos tramitando unha modificación sustancial do contrato de traballo. O técnico de normalización lingüística realizará as funcións técnicas que aparecen determinadas na base 3ª da convocatoria publicada pola Deputación Provincial, así como no artigo 7 da Orde do 16 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal e oficina do servizo de normalización conxunto na casa consistorial do Concello de Boimorto.

Segunda.- O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar as solicitudes de subvencións ante os organismos competentes, sendo, así o Concello de Boimorto o perceptor tanto da subvención da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia. O Concello de Boimorto pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado dos Monxes nin o Concello de Mesía ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal actualmente contratado.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia mais tramitarse ante a Rede de Dinamización Lingüística solicitude de inscrición do servizo conxunto creado por estes tres Concellos.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio así como por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redación, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexerá dende a data seguinte á súa sinatura polos alcaldes de Boimorto, Sobrados dos Monxes e Mesía, sempre que sexa/n outorgada/s subvencións ata a data última de xustificación da/s subvención/s indicada/s no apartado primeiro da exposición deste convenio sendo a súa extinción automática.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar por concello, no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde de (Sobrado dos Monxes):

O alcalde de (Mesía):

Asdo.- Jacobo Fernández García

Asdo. Mariano Iglesias Castro

O alcalde de (Boimorto):

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar dito convenio.

SEGUNDO.- Remitir certificación deste acordo ao resto dos Concellos e aos organismos aos que se lle solicitou subvención para este servizo, Deputación Provincial da Coruña e Secretaría Xeral de Política Lingüística aos efectos oportunos.

Boimorto, 20 de febreiro de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Explica o Alcalde que dende a Xunta e Diputación para obter subvencións esixen a agrupación de Concellos, e que inda que non se considera esta medida a mais axeitada para promover a agrupación municipal hai que facelo para non perder subvencións, indica que os fracasos na agrupación de municipios viñeron da mao da falta de financiación e das loitas políticas e que este equipo de goberno en breve presentará unha proposta eficaz para a creación dun consorcio municipal con sentido .

O concelleiro do grupo mixto solicita explicación á Alcaldía de como se vai repartir esta subvención sinala a Alcaldía que Boimorto asume custes de persoal e este persoal pode facer actividades en tódolos concellos .

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar dito convenio.

SEGUNDO.- Remitir certificación deste acordo ao resto dos Concellos e aos organismos aos que se lle solicitou subvención para este servizo, Deputación Provincial da Coruña e Secretaría Xeral de Política Lingüística aos efectos oportunos.

Anexo Convenio aprobado

PROPOSTA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA CREACIÓN E MANTEMENTO EN COMUN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO DOS MONXES E MESÍA.

En Boimorto a de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jacobo Fernández García, en nome e representación do Concello de Sobrado dos Monxes.

Doutra parte, D. Mariano Iglesias Castro en nome e representación do Concello de Mesía.

Doutra parte, D. José Ignacio Vázquez Portos, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos polo tanto tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese polo tanto que os Concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía poden subscribir un convenio para a creación e mantemento conxunto dun servizo de normalización lingüística sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vistas as bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, anualidade de 2012, publicadas no BOP número 7 de data 11/01/2012 e a orde do 16 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede a súa convocatoria, publicada no DOG núm. 3 de data 4 de xaneiro de 2012 faise necesario a creación dun servizo lingüístico para o agrupamento de concellos de Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía.

Segundo.- A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado dos Monxes e Mesía para a creación e mantemento en común dun servizo de normalización lingüística conxunto.

Terceiro.- O Concello de Boimorto ten un servizo de normalización lingüística creado cun técnico contratado e que forma parte da Rede de Dinamización Lingüística que pretende por en común para prestación conxunta deste servizo. Os Concellos de Sobrado dos Monxes e Mesía carecen do Servizo de Normalización Lingüística. Esta carencia está motivada pola falta dun técnico de normalización lingüística en cada un destes Concellos. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

En base ao exposto, e coa finalidade de crear e manter en común o servizo de normalización lingüística para Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía, acórdase a subscrición do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Boimorto permitirá que o persoal contratado no seu servizo de normalización lingüística pase a formar parte da agrupación con Sobrados dos Monxes e Mesía no marco da colaboración pactada e preste os seus servizos en conxunto para os tres concellos tramitando unha modificación sustancial do contrato de traballo. O técnico de normalización lingüística realizará as funcións técnicas que aparecen determinadas na base 3ª da convocatoria publicada pola Deputación Provincial, así como no artigo 7 da Orde do 16 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal e oficina do servizo de normalización conxunto na casa consistorial do Concello de Boimorto.

Segunda.- O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar as solicitudes de subvencións ante os organismos competentes, sendo, así o Concello de Boimorto o receptor tanto da subvención da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia. O Concello de Boimorto pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado dos Monxes nin o Concello de Mesía ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal actualmente contratado.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia mais tramitarase ante a Rede de Dinamización Lingüística solicitude de inscrición do servizo conxunto creado por estes tres Concellos.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio así como por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redacción, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexerá dende a data seguinte á súa sinatura polos alcaldes de Boimorto, Sobrados dos Monxes e Mesía, sempre que sexa/n outorgada/s subvencións ata a data última de xustificación da/s subvención/s indicada/s no apartado primeiro da exposición deste convenio sendo a súa extinción automática.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar por concello, no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde de (Sobrado dos Monxes):

O alcalde de (Mesía):

Asdo.- Jacobo Fernández García

Asdo. Mariano Iglesias Castro

O alcalde de (Boimorto):

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN CONVENIO PARA A REALIZACIÓN EN COMÚN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 23/02/2012 REALIZACIÓN EN COMÚN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO

Vista a proposta de convenio de cooperación entre os concellos de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar en materia de realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, que se reproduce como anexo

PROPOSTA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SOBRADO, TOQUES, BOIMORTO E VILASANTAR EN MATERIA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO.

En Sobrado, a de de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte D. Jacobo Fernández García, en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. Jorge Francisco Calvo Pestonit, en nome e representación do Concello de Toques.

Doutra parte, D. José Ignacio Portos Vázquez, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Doutra parte D. Fernando Pérez Fernández, en nome e representación do Concello de Vilasantar.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para a prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentas as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos. Conclúese polo tanto que os Concellos de: Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar poden suscribir un convenio para a creación e mantemento conxunto dun servizo de promoción e fomento do cooperativismo sen crear un novo ente con

personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a Orde do 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e se procede a súa convocatoria para o ano 2012, publicada no DOG núm. 15 de data 23 de xaneiro de 2012, faise necesario a creación dun servizo de de promoción e fomento do cooperativismo para o agrupamento dos concellos de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar.

Segundo.- A través do presente convenio preténdase crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar para a creación e mantemento en común dun servizo de promoción e fomento do cooperativismo, posto que os catro concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para as actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

Terceiro.- Os catro concellos carecen dun servizo destas características, polo cal se pretende crear e por en común a prestación conxunta deste servizo. Así pois, consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira a promoción de constitución e o desenvolvemento das cooperativas, como establece a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Sobrado contratará un técnico asesor da oficina de fomento cooperativo que prestará os seus servizos en conxunto para os catro concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, realizando as funcións técnicas que aparecen determinadas no artigo 3 da Orde do 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, establecéndose a sede principal e oficina de fomento cooperativo na casa consistorial do Concello de Sobrado.

Segunda.- O Alcalde de Sobrado será o encargado de tramitar a solicitude de subvención ante o organismo competente, sendo así o Concello de Sobrado o perceptor da subvención da Xunta de Galicia. O Concello de Sobrado pagará as nóminas do técnico que se contrate que prestará os seus servizos para os catro concellos. As actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Sobrado, compartindo os catro Concellos as obrigas de aportación dos necesarios medios materiais, persoais e instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir os concellos de Toques, Boimorto e Vilasantar ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal que se contrate.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Sobrado como representante da agrupación destes catro Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexerá dende a data seguinte á súa sinatura polos alcaldes de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar, sempre que sexa/n outorgada/s subvencións ata a data última de xustificación da/s subvención/s indicada/s no apartado primeiro da exposición deste convenio sendo a súa extinción automática.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Alcalde de (Sobrado):

O Alcalde de (Toques):

Asdº.- Jacobo Fernández García

Asdº.- Jorge Francisco Calvo Pestonit

O Alcalde de (Boimorto):

O Alcalde de (Vilasantar):

Asdº.- José Ignacio Portos Vázquez

Asdº.- Fernando Pérez Fernández

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar dito convenio.

SEGUNDO.- Remitir certificación deste acordo ao resto dos Concellos e ao organismo ao que se lle solicitou subvención para este servizo, Consellería de Traballo e Benestar.

Boimorto, 20 de febreiro de 2012
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Explica o Alcalde que neste convenio pretendense conseguir dúas subvencións unha que irá para Sobrado para custes de persoal e outra para eventos a que podemos optar .

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar dito convenio.

SEGUNDO.- Remitir certificación deste acordo ao resto dos Concellos e ao organismo ao que se lle solicitou subvención para este servizo, Consellería de Traballo e Benestar.

ANEXO TEXTO CONVENIO QUE SE APROBA:

PROPOSTA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SOBRADO, TOQUES, BOIMORTO E VILASANTAR EN MATERIA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO.

En Sobrado, a de de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte D. Jacobo Fernández García, en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. Jorge Francisco Calvo Pestonit, en nome e representación do Concello de Toques.

Doutra parte, D. José Ignacio Portos Vázquez, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Doutra parte D. Fernando Pérez Fernández, en nome e representación do Concello de Vilasantar.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro,

como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para a prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos. Conclúese polo tanto que os Concellos de: Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar poden suscribir un convenio para a creación e mantemento conxunto dun servizo de promoción e fomento do cooperativismo sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a Orde do 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e se procede a súa convocatoria para o ano 2012, publicada no DOG núm. 15 de data 23 de xaneiro de 2012, faise necesario a creación dun servizo de de promoción e fomento do cooperativismo para o agrupamento dos concellos de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar.

Segundo.- A través do presente convenio preténdase crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar para a creación e mantemento en común dun servizo de promoción e fomento do cooperativismo, posto que os catro concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para as actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

Terceiro.- Os catro concellos carecen dun servizo destas características, polo cal se pretende crear e por en común a prestación conxunta deste servizo. Así pois, consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira a promoción de constitución e o desenvolvemento das cooperativas, como establece a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Sobrado contratará un técnico asesor da oficina de fomento cooperativo que prestará os seus servizos en conxunto para os catro concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, realizando as funcións técnicas que aparecen determinadas no artigo 3 da Orde do 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, establecéndose a sede principal e oficina de fomento cooperativo na casa consistorial do Concello de Sobrado.

Segunda.- O Alcalde de Sobrado será o encargado de tramitar a solicitude de subvención ante o organismo competente, sendo así o Concello de Sobrado o perceptor da subvención da Xunta de Galicia. O Concello de Sobrado pagará as nóminas do técnico que se contrate que prestará os seus servizos para os catro concellos. As actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Sobrado, compartindo os catro Concellos as obrigas de aportación dos necesarios medios materiais, persoais e instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir os concellos de Toques, Boimorto e Vilasantar ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal que se contrate.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Sobrado como representante da agrupación destes catro Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexerá dende a data seguinte á súa sinatura polos alcaldes de Sobrado, Toques, Boimorto e Vilasantar, sempre que sexa/n outorgada/s subvencións ata a data última de xustificación da/s subvención/s indicada/s no apartado primeiro da exposición deste convenio sendo a súa extinción automática.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Alcalde de (Sobrado):

O Alcalde de (Toques):

Asdº.- Jacobo Fernández García

Asdº.- Jorge Francisco Calvo Pestonit

O Alcalde de (Boimorto):

O Alcalde de (Vilasantar):

Asdº.- José Ignacio Portos Vázquez

Asdº.- Fernando Pérez Fernández

8.- COMPROMISO DE EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS OBRAS DENOMINADAS MELLORA DO CAMIÑO DE PONTEBOADO A VILAVERDE, MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE RODIEIROS E CORNEDA (CAMIÑO ZAÍN-VILAR DE SUSO-LÍMITE CONCELLO E OUTROS” E “MELLORA DE ACCESOS A EXPLOTACIÓNS DE VACÚN NO LUGAR DE NOGAREDO (PARROQUIA DE BRATES) E OUTROS”.

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN ÁS OBRAS INCLUÍDAS NOS PLANS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS RURAIS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA:

.- “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE RODIEIROS E CORNEDA (CAMIÑO ZAÍN-VILAR DE SUSO-LÍMITE CONCELLO E OUTROS”

.- “MELLORA DE ACCESOS A EXPLOTACIÓNS DE VACÚN NO LUGAR DE NOGAREDO (PARROQUIA DE BRATES) E OUTROS

.- “MELLORA DO CAMIÑO DE PONTEBOADO A VILAVERDE”
PLENO ORDINARIO DE DATA 23/02/2012

Visto que con rexistro de entrada números 1562, 1673 e 1861 en data 14/11/2011, 17/11/2011 e 23/12/2011 respectivamente, consta escritos enviados pola Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia no que comunican que co fin de facer a entrega das obras ao concello, achegan acta de recepción e comunicación da finalización das obras: “Mellora de camiños nas parroquias de Rodieiros e Corneda (camiño Zaín-Vilar de Suso-límite concello e outros”, “Mellora de accesos a explotacións de vacún no lugar de Nogaredo (parroquia de Brates) e outros” e obra “Mellora do camiño de Ponteboado a Vilaverde”, e de acordo co establecido nos convenios de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello solicitan asunción do compromiso de explotación, mantemento e conservación das obras.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aceptar a entrega e asumir o compromiso de explotación, mantemento e conservación das obras “Mellora de camiños nas parroquias de Rodieiros e Corneda (camiño Zaín-Vilar de Suso-límite concello e outros”, “Mellora de accesos a explotacións de vacún no lugar de Nogaredo (parroquia de Brates) e outros” e “Mellora do camiño de Ponteboado a Vilaverde”

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitido á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

En Boimorto a vinte de febreiro de dous mil doce.

O alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aceptar a entrega e asumir o compromiso de explotación, mantemento e conservación das obras “Mellora de camiños nas parroquias de Rodieiros e Corneda (camiño Zaín-Vilar de Suso-límite concello e outros”, “Mellora de accesos a explotacións de vacún no

lugar de Nogaredo (parroquia de Brates) e outros” e “Mellora do camiño de Ponteboado a Vilaverde”

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitido á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

9.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES TRIMESTRAIS ANO 2011 EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XUÑO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO

Pola Secretaría procédese á lectura de informe que recolle información trimestral do ano 2011 en relación có cumprimento do disposto no artigo 4 da lei 15/2010 de 5 de xuño de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informe que se reproduce a continuación literalmente:

<<INFORME SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LOS PLAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA EL PAGO DE OBLIGACIONES

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Boimorto de coformidad con lo dispuesto en el artículo 4.3 de la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , vengo a emitir el siguiente informe:

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Ley 3/2004, de 29 de diciembre , por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido de la ley de las haciendas locales .
- Ley 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público actual Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de contratos del sector público .

II.- CONSIDERACIONES

En aplicación de lo establecido en la ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , en el artículo 4º.3 , en cuanto a la obligatoriedad de informar sobre el cumplimiento, por parte de esta entidad local, de los plazos previstos para el pago de las obligaciones , que se concretan en los artículos 1º.3 y . 3º.3 de esta ley , para el trámite que proceda se emite este informe:

El plazo al que se refiere el artículo 4.3 de la Ley 15/2010 es el establecido en el artículo 3º.3 de dicha ley que añade la disposición transitoria 8ª a la Ley 30/2007 de Contratos del Sector Público determinando que

<<.....“(...) Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o

de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.(...)”

Aclarando con carácter previo que a fecha actual no se realizó hasta el año 2012 ningún informe sobre el incumplimiento de los plazos previstos para el pago de las obligaciones (en el pleno ordinario a celebrar el 23/02/2012 se pretende cumplir con esta obligación en relación al ejercicio 2011 estando en plazo la dación de cuenta del informe al Pleno sobre el cuarto trimestre del 2011) , actualmente y a partir del 13/12/2011 se entenderá vigente (derogada la Ley 30/2007 de 30 de octubre de Contratos del Sector Público) lo dispuesto en el Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Publico artículo 216.4 y disposición transitoria sexta que dice literalmente :

Disposición transitoria sexta. *Plazos a los que se refiere el artículo 216 de la Ley.*

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 216 de esta Ley, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta Ley y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 216 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 216 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que de la ejecución presupuestaria registrada en la contabilidad municipal sobre el total de pagos materiales realizados se obtiene la siguiente información :

A) Sobre el primer trimestre el ejercicio 2011:

a.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 108 | 21 |
| Importe total | 397.612,26€ | 29.229,29€ |

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en lo siguientes apartados así :

a.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 81 | 4 |
| Importe total | 85.160,94€ | 211.520,45€ |

a.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones **0**

Importe total **0€**

B) Sobre el segundo trimestre el ejercicio 2011:

b.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 109 | 47 |
| Importe total | 199.786,22€ | 244.539,82€ |

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en los siguientes apartados así :

b.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 32 | 8 |
| Importe total | 25.142,96€ | 184.065,02€ |

b.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones **0**

Importe total **0€**

C) Sobre el tercer trimestre el ejercicio 2011:

c.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 215 | 5 |
| Importe total | 263.010,38€ | 19.293,30€ |

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en los siguientes apartados así :

c.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 65 | 6 |

| | | |
|---------------|--------------------|--------------------|
| Importe total | 165.685,94€ | 222.737,22€ |
|---------------|--------------------|--------------------|

c.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones **1**

Importe total **86.340,13€** **Obra Campo da Lanza y otros**

Esta relación con factura pendiente de reconocimiento de obligación pasados tres meses desde su anotación en registro está anexa al presente informe .

Cabe informar por esta intervención que este gastos está relacionado con una incorporación de remanente de crédito (que erróneamente se hace faltando 2 céntimos por incorporar de una partida del 2010 creada sin esos dos céntimos) del ejercicio 2010 al 2011 y además se realiza la incorporación por la totalidad con compromiso firme de aportación por la Diputación Provincial pero en el 2011 no asumiéndose el importe de incremento del iva del 2% por la Diputación Provincial en relación con esta factura es necesaria la tramitación de un expediente de modificación de créditos crédito extraordinario por el incremento del iva del 2% (de un 16 a un 18) expediente 20/2011 y también tramitación de un expediente de suplemento de crédito 4/2011 por 0,02 céntimos lo que retrasa el reconocimiento de la obligación y el pago que se efectúa el 29/12/2011.

D) Sobre el cuarto trimestre el ejercicio 2011:

d.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 216 | 36 |
| Importe total | 405.844,67€ | 167.733,05 |

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en los siguientes apartados así :

d.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

| | Dentro del periodo legal de pago | Fuera del periodo legal de pago |
|-----------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| Número de operaciones | 74 | 4 |
| Importe total | 109.067,11€ | 185.702,27€ |

d.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones **0**

Importe total **0€**

III.- CONCLUSIÓN

Es cuanto tengo que informar según la normativa de aplicación proponiendo que se de traslado de este informe a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y de la Xunta de Galicia de acuerdo con lo establecido en el Ley 15/2010 así como dese cuenta al Pleno en cumplimiento de lo establecido en los artículos 4 y 5 de la Ley 15/2010, y visto escrito del Consello de contas de Galicia con entrada en este Ayuntamiento el día 7/2/2012 nº 157 infórmese sobre la documentación requerida .

Este es mi informe que emito salvo error u omisión involuntaria en aplicación de la normativa vigente.

En Boimorto el 20 de febrero de 2012

La Secretaria Interventora:

Fdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Os membros do Pleno da Corporación danse por informados/as.

10.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 27/12/2011 a 17/02/2012, números 435 a 35.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, polo concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas propónse unha moción de rexeitamento á reforma laboral aprobada polo goberno central, apróbese a urxencia desta moción con 6 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto que autorizado pola Alcaldía expón a moción tal e xcomo segue:

<<MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a refomra do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenes máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.

Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en bases mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.

Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.

Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.

Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores”, mais aplicábel ao 99 por 100 das empresas en Galizia, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.

Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno cernal terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen un respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade ningua dereitos regulados en normas públicas que favorecían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.>>

Sen mais intervencións con 6 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con 2 votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP D. Antoniio Costoya e D. Jesús Modia así como as dúas abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo Gómez e D. Elisardo Montero Castro, o Pleno municipal **ACORDOU**:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Pola Alcaldía aperturase este punto da orde do día e dáselle a palabra ó concelleiro D. Xosé Luis Rivas.

Polo concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas rógase a volta ó recibo de padróns de auga e lixo como o de antes.

O Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo Gómez que fai as seguintes preguntas e rogos:

.- Pregunta que pasará coa finca de Suso de Cheda

.- Roga, tras reunión cos veciños de Brates, a intervención do Alcalde para evitar que a liña eléctrica atravesese o Campo da Festa e sexa soterrada.

.- Roga a incorporación do Concello a algún consorcio dos que se están creando para optimizar, economizar e non ir por libre.

O Alcalde dálle a palabra o concelleiro D. Antonio Costoya Duro que roga explicacións en relación cun recibo de auga dun veciño (Villasenín) por contía esaxerada, roga o arranxo da Ponte Boado e solicita a limpeza das aceras en Arceo.

A continuación o Alcalde resposta en relación coa finca de Suso de Cheda que foi informado suficientemente no Concello e o expediente elevouse á Xunta por se hai solucións, xa que, é un equipamento deportivo e no seu momento de aprobación do Plan non presentaron alegacións, mais que agora teñamos que cambiálo supón instauralo noutro lado.

Di esta Secretaria que non está segura do envío á Xunta, que ten que comprobalo e se non envíala consulta.

Continúa o Alcalde sinalando que estivo traballando para que a línea aérea en Brates fose soterrada, mais a empresa non acepta, supón uns gastos que o Concello agora non pode asumir, que o soterramento de línea onde o colexio si está amparado en subvencións e normativa de Industria pero non é igual ó que se pide en Brates.

Sobre a participación do Concello nun Consorcio di que algún político defende a agrupación de Concellos estando ó fronte dun chiringuito con menos cobertura legal que os Concellos, di que as Deputacións, organismos como Agader ou o Xacobeo son os primeiros que deberían desaparecer tendo en conta que os Concellos son a administración máis cercana os cidadáns, di que si hai que agrupar pero non sin contido nin argumento, e que en menos dun mes presentará unha proposta con datos económicos para a consitución dun consorcio de agrupamento de servizos, remata sinalando que non están en contra dos consorcios pero non a calquera prezo e coas condicións da Deputación ou doutras administracións, di que Boimorto ten moito que demostrar sobre como xestionar servizos públicos que hai que dar exemplo cos nosos servizos e a nosa xestión e sinala que ata agora ninguén propuxo a formación dun consorcio con Boimorto. Sobre o recibo de auga de Villasenín di que este señor alterou o contador e que antes de falar no Pleno hai que asesorarse, permitindo a intervención de Secretaría sinalouse que o fraude por alteración de contador supón un delito penal a partir de x contía e que é necesario un regulamento nesta materia, remata o Alcalde sinalando que van mercar unha máquina contador de fugas.

Sobre o deterioro da Ponte Boado recorda como se intentou chegar a un acordo co propietario limítrofe para a cesión de terreos que permitise a execución dun proxecto de 180.000 € e este non colaborou.

Sobre a limpeza de beirarrúas di que falou cos traballadores por se era posible limpeza por lavado, mais existe o risco de arrincar a pintura polo que agora non ten xente suficiente e terá que pedirse un cepillo para a limpeza.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a catorce de marzo de
de *dous* *mil*
doce.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez